

Creación da Coordinadora de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística do Barbanza¹

Miguel LOUZA O UTEIRO

Coordinador do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística do IES Coroso de Ribeira e Presidente da Coordinadora de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística do Barbanza

Luis TEIRA PARADA

Coordinador do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística do CEIP O Grupo de Ribeira e Vicesecretario da Coordinadora de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística do Barbanza

0. INTRODUCCION

Nas seguintes liñas pretendemos plasmar como se xestou a Coordinadora de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística do Barbanza (de aquí en diante CENDLB). Como todo proceso dinámico algunhas das propostas xa foron superadas mentres estes Seminarios se estaban a desenvolver, polo tanto xa introducimos as mudanzas. Outras en vías de transformación aínda non se concretaron, polo que as deixamos tal como as planteamos. En todo caso, queremos que sexa o relatorio dunha experiencia particular no que se recolla a creación dun órgano colectivo con obxectivos normalizadores. Esperamos que estas palabras poidan servir para que outras persoas tomen algunhas ideas do noso labor, tal como nós fixemos doutros, para crear unha entidade similar. Se isto for así, consideramos que a función deste escrito foi suficiente. Ese foi tamén a finalidade dos nosos relatos nestes Encontros.

1. AS PREGUNTAS QUE FUNDAMENTAN UNHA EXISTENCIA

Para comezar, queremos lanzar unha serie de preguntas que poden servir para visualizar rapida-

mente as nosas intencións. A modo de análise de noticia xornalística comezamos a vogar.

a) Por que crear unha Coordinadora?

1. Para saír do illamento no que estamos os Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística (de aquí en diante ENDL) nos centros. É escusado dicir que en moitos casos os/as responsábeis dos ENDL son como un moble que existe nos centros de ensino, que sofre todo tipo de encargos lingüísticos e que co paso do tempo pode caer nun perigoso embiguismo cunhas altas doses de rutina, cando non substitúe ao Departamento de Extraescolares á hora de facer festas e romarías (Samaín, Magosto, Entroido, Día das Letras, etc.). Esta situación, alén do cansanzo de moitos activistas da lingua provocou que en moitos centros non haxa docentes dispostos a asumir a responsabilidade do ENDL. Entrárase entón no típico “tocoume”/”tocouche” normalización, a pesar de que agora nolo recoñezan como Xefatura de Departamento a todos os niveis.

2. Para coñecermos o que se está a facer en centros de ensino próximos aos nosos.

Temos que recoñecer o feito de que haxa un apartado da Convocatoria de Axudas para os ENDL dos centros a Secretaría Xeral de Política

¹ Este artigo foi escrito a partir do relatorio que os autores presentaron nas sete cidades galegas no marco dos III Seminarios de Normalización e Dinamización Lingüística organizados pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia durante os meses de outubro, novembro e decembro de 2008.

Lingüística na que se valore a interacción con outros centros incentivou a moitos dos centros que forman a coordinadora.

Tamén foi determinante para por en andamento o coñecemento doutras Coordinadoras Comarcais (O Salnés, Ferrol, Vigo, Leixaprén...) cun traballo e unha presenza social considerábel.

b) Onde creamos a Coordinadora?

Evidentemente no espazo onde se desenvolve a actitude formativa dos centros en que traballamos: o Barbanza. Esta é unha comarca dinámica económica e socialmente, mais na que se está a producir a substitución lingüística de maneira acelerada. E nós, como membros desta sociedade desde os centros educativos preguntámonos que acontece coa nosa lingua. Vai todo tan ben ou estamos tan adormecidos para que non percibir que non pase nada ou para non facer nada?

Sen dúbida esta comarca ten o suficiente dinamismo e potencial humano como para poder desenvolver unha acción normalizadora nos centros de ensino.

No Barbanza temos unha vía de comunicación importante que vertebra os concellos do norte da Ría de Arousa. Tiñamos que decidir e entón contactamos cos centros educativos (de infantil, primaria e secundaria) tanto públicos como privados de Rianxo, Boiro, A Pobra do Caramiñal e Ribeira. Somos conscientes de que a comarca do Barbanza abarca máis concellos, mais a verdade é que os que núcleos de poboación máis relacionados son os citados. Non desbotamos incluír no futuro outros centros da zona. Así mesmo, quereamos resaltar a importancia de termos incluído centros de ensino de todos os niveis do sistema educativo, algo novidoso neste tipo de Coordinadoras que até agora estaban formadas só por centros de ensino secundario. Á primeira reunión asistiron vinte centros, e posteriormente sumáranse dous máis, que se comprometeron en botar a andar a Coordinadora.

c) Cando creamos a Coordinadora?

Foi no transcurso do curso 2007-2008. Desde o IES Coroso decidimos contactar via e-mail, telefónica, persoal etc. con ENDL doutros centros. Como resultado destes contactos a bola de neve comezou a rodar e reunímonos por primeira vez o 14 de novembro de 2007 en Cadreche, na Pobra do Caramiñal.

d) Quen forma parte da Coordinadora?

Inicialmente eramos máis de vinte centros os que botamos a andar a Coordinadora, aínda ENDL fundadores da Coordinadora son os que aparecen abaixo (moitos dos ausentes comunicáronnos que se sumarian en vindeiras reunións):

IES Félix Muriel-Rianxo, CEIP A.D.R. Castella-Rianxo, CEP Brea segade-Taragoña-Rianxo, CEIP Ana María Diéguez- Asados-Rianxo, CRA de Rianxo, CEP Pilar Maestu-Cadreche-A Pobra, CEP Salustiano Rey Eiras-A Pobra, EEI da Angustia- A Pobra, IES Coroso-Ribeira, IES Leliadoura-Ribeira, CEIP O Grupo-Ribeira, CEIP de Artes-Ribeira, CEIP de Frións-Ribeira, CEIP Aguiño-Ribeira

e) Para que se crea a Coordinadora?

O noso obxectivo é crear unha rede estábel de ENDL que nos permita traballar conxuntamente.

Queremos colaborar entre nós, mais tamén con outras institucións públicas ou privadas. Tamén pretendemos actuar e incidir socialmente cos nosos obxectivos normalizadores mediante o traballo social que acordemos e utilizar os medios de comunicación para transmitir o noso traballo e obxectivos, na medida das nosas posibilidades.

2. ORGANIZACIÓN INTERNA

2.1. ANALIZAMOS A POSIBILIDADE DE TER ENTIDADE XURÍDICA.

Na primeira reunión decidiuse comezar a colaborar sen dotarnos de entidade xurídica como algúns dos responsábeis de ENDL propoñían. Debemos recoñecer que inicialmente houbo certa desconfianza cara ao funcionamento daquilo que comezamos a chamar Coordinadora. Iso si, a desconfianza demostrouse co tempo que era debida ao descoñecemento de como podería funcionar, se servía para algo, máis que por calquera outra cuestión.

2.2. XUNTANZAS PERÍODICAS E ROTATORIAS

Combinamos en facer xuntanzas cada mes ou mes e medio nas diferentes localidades da comarca. Algo que posibilita que coñezamos *in situ* a organización e dinámicas dos distintos centros da comarca.

2.3. ROLDA DE CORREO ELECTRÓNICO

Decidimos crear unha rolda de correo para comunicarnos entre nós que foi moi efectiva a todos os niveis e que facilita enormemente a comunicación entre os coordinadores dos diferentes centros de ensino.

2.4. CREACIÓN DUN BLOGUE

Creamos un blogue da coordinadora que tivo pouca vitalidade inicialmente pola premura á hora de creado e porque non o demos deseñado con contidos adecuados, mais estámolo a reactivar para que sexa o faro de exposicións do noso traballo tanto interno como externo.

3. ACTIVIDADES REALIZADAS

Neste apartado pretendemos resumir o traballo realizado pola CNDLB até o momento (decembro de 2008).

a) Intercambio de experiencias

Foi a primeira actividade que levamos a cabo tal e como decidimos na primeira xuntanza. Vía correo electrónico, enviáronse dun xeito totalmente altruísta e solidario un resumo das actividades programadas para todo o curso, houbo quen mandou incluso PLC/PSC que para moitos era algo case ou totalmente descoñecido, houbo intercambio de enderezos de blogues e toda a información que cada centro considerou pertinente, entre outras.

b) Difusión Decreto 124/2007

Coa idea de que todo o profesorado, PAS e alumnado coñecese o Decreto 124/2007, xa que a Consellaría de Educación e O.U. non fixo unha ampla difusión, maquetamos nun folio A3 o decreto co carimbo da Coordinadora para difundir en todos os centros. Fixémolo dun xeito xeralizado e distribuínolo quen quixo. O feito de que fora apadrinado pola Coordinadora foi coa intención de darlle máis importancia e respaldo, xa que non era cousa “del de gallego” ou “de la de normalización” senón que había un colectivo detrás.

c) Realizar enquisas sociolingüísticas

Consideramos que para que o noso traballo tivera maior solidez debiamos facer unha análise da situación sociolingüística do contorno dos nosos centros para coñecermos polo miúdo as nosas fortalezas (que as temos, xa que é unha comarca maioritariamente galegofalante) e tamén as nosas debilidades, que van a máis e que pasan pola grave situación de substitución lingüística entre unha porcentaxe elevada dos máis novos. Debemos recoñecer que o noso traballo non foi fácil porque moitos centros xa tiñan feitas enquisas doutros anos, porque ao comezo non fixemos as enquisas harmonizadas ou porque moitos fixemos as erráticas enquisas que nos enviaron desde a Secretaría Xeral de Política Lingüística e que nos deron tal nivel de ambigüidade que parecía que estabamos no paraíso dos galegofalantes, é dicir, que nin facía falta a Coordinadora nin os ENDL, porque “el gallego va bien”.

d) Elaborar e difundir un informe sociolingüístico

Finalmente conseguimos facer un Informe sobre a situación sociolingüística dos centros de ensino, que puxemos en coñecemento público mediante unha rolda de prensa. Falouse, quizais por primeira vez desde a comarca, da situación sociolingüística con datos na man. Datos alarmanter por outra parte, que non quixemos maquillar porque a realidade é preocupante.

e) Correlingua

Chegamos cando xa estaba o deseño das carreiras pechadas e decidimos organizalo pola nosa conta aínda que co apoio da organización a nivel nacional (camisetas, gorras, actuación final do Xabarin...). Nós, a pesar do traballo que nos deu, que foi moito, só esperabamos que non houbera ningún percance negativo que nos estragase o traballo. Tiñamos poucas esperanzas porque xa participáramos en máis Correlinguas e constatamos que esta carreira estaba a tomar rumbos rutineiros. Pois non, para nós foi a actividade estrela, xa que participaron preto de 1500 alumnos/as nesta carreira pola lingua na comarca. Foi o empurrón definitivo que nos visualizou perante a sociedade da comarca, através da difusión nos medios, e sobre todo porque aqueles centros que tiñan certas reticencias coa actividade da coordinadora (aqueles/as que sen dicilo pensaban aquilo de “si, participo que sempre me poden

dar algún euro máis de subvención aínda que...”) recoñeceron o traballo realizado e a capacidade e seriedade da Coordinadora ao tempo que nos deu unha grande cohesión interna.

f) Premio Anticiclón/Borrasca

Decidimos crear un premio simbólico (tipo mel/fel, laranxa/limón...) co obxectivo de recoñecer publicamente as actitudes e usos lingüísticos positivos e negativos cara á nosa lingua na comarca. Inicialmente deuse certo debate entre os que querían que se dese un premio só en positivo (o típico “é mellor ir pouco e pouco...non meterse con ningún...que podemos conseguir máis”) ou dar un en positivo e outro en negativo, posición esta que finalmente se adoptou por maioría.

Cada centro debía levar dúas ou tres propostas para os premios e despois escolleríamos a máis votada. Finalmente, coñecedores da importancia social dos medios de comunicación este ano centrámonos neles. Démoslle o premio anticiclón a Telesalnés polo uso continuado da nosa lingua que fan nas súas emisións e o Premio Borrasca a *La Voz de Galicia* pola agresividade que mantivo e mantén contra o galego e contra o país mesmo dunha maneira absolutamente obscena. Debemos dicir que, curiosamente, non tivemos que votar, a decisión foi unánime. Tiveron repercusión, aínda que a censura da *La Voz* tamén axudou a tapar o sol.

g) Vínculo coa Coordinadora Provincial de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística.

A nosa Coordinadora Provincial (Mercedes Queixas) sempre estivo ao noso dispor para todo o que nos cumpríu, tanto asesorándonos, como aconsellándonos como animándonos. Acho que poucas veces se dan as tres cousas desde a administración.

O seu labor foi especialmente importante para solvertar casos que tratados isoladamente o único que fan é guetizar máis o noso traballo e xerar cansazo e desánimo nos Coordinadores. Tivemos dúas experiencias en que o traballo de dous coordinadores de ENDL se vía dificultado pola presión dunha compañeira, nun caso, e polas trabas dun director, no outro. En ambos, comentouse a problemática na CENDLB que llo comunicou á Coordinadora Provincial, que á súa vez fixo as xestións necesarias para procurar que estas situacións que impedían un

normal desenvolvemento do traballo destes ENDL se solucionase satisfactoriamente.

h) Outras actividades nas que participamos foron as seguintes:

Acordamos participar nunha Rede de Lingua do Barbanza que se está a organizar, na que están presentes diversas asociacións e entidades culturais e promotoras da lingua da zona.

Así mesmo, tamén apoiamos a manifestación convocada pola Mesa o día das Letras Galegas “Polo dereito a vivirmos en galego”.

4. PROPOSTAS DE FUTURO

4.1. CORRIXIR EIVAS

En primeiro lugar, temos como obxectivo corrixir as eivas detectadas neste primeiro ano de vida. O máis importante, conseguir achegar os centros primados á Coordinadora, posto que, malia que foron informados, ningún se sumou á plataforma, e xa dicimos que esperamos que este ano se integren. Sobre todo para que se sumen a actividades nas que nos consta que quixeron participar pero que non o fixeron por “descoñecemento”, cando foi unha actividade publicitada abundantemente, como no caso do Correlingua.

Outra eiva importante foron algúns fallos de conecreción nalgunhas actividades e nalgún caso da implicación nos proxectos. Pero como é lóxico algúns proxectos desenvolvéronse axeitadamente, outros tiveron un bo comezo e ficaron só proxectados e outros quedaron como ideas unicamente e esperamos que neste curso se poñan en funcionamento.

4.2. CONTINUAR COAS ACTIVIDADES DESENVOLTAS.

Seguir co informe da lingua na comarca, volver a conceder os premios Anticiclón e Borrasca, coorganizar o Correlingua (temos data xa para 14 de maio), entre outras.

4.3. NOVAS ACTIVIDADES

a) Proxectos de menor dimensión.

Pretendemos comezar novas actividades que permaneceron nun estado embrionario, como por

exemplo o Dicionario de expresións do Barbanza elaborado polo alumnado e profesorado dos centros, con intención de facer unha publicación colectiva. Tamén imos facer trípticos para enviar ás casas: de aconsellar lecturas polo Nadal, de información sociolingüística pola Semana Santa etc.

b) Proxectos de maior dimensión

A nivel interno, o primeiro que fixemos este curso, o 19 de novembro de 2008 no CEIP Brea Segade de Taragoña, foi **constituírnos en entidade xurídica**, nomeadamente asociación lingüístico-cultural. Isto foi algo que non todo o mundo chegou a ver preciso até final de curso. O feito de constituírnos en Asociación Cultural, permítenos de xeito unificado ser representantes dos ENDL dos centros ante a sociedade e ante as administracións. Termos estatutos e termos un CIF permitíranos, entre outras cousas, acceder a subvencións para desenvolver proxectos conxuntamente. Algo que ao final de curso todos/as viron claro, xa que ningún centro podería destinar unha pequena partirda para achegar á coordinadora. Mais o feito de ser asociación ten unha compoñente organizativa interna, isto é, permite ter unha xunta directiva na que esta se sinta máis implicada nas cuestións organizativas e que non recaia, excesivamente, o peso da coordinación nas mesmas persoas. Na reunión arriba citada, escolléronse entre os presentes a Xunta directiva que aparece máis abaixo. Alén diso para que todo o mundo se implique no traballo da Coordinadora, todos os presentes que non teñen cargo directivo serán vogais.

Xunta directiva:

Presidente: Miguel Louzao Outeiro (IES Coroso-Ribeira)

Vicepresidenta: Valentina Formoso Gosende (IES Félix Muriel- Rianxo)

Secretaria: Estrella Fernández Teira (CEP Pilar Maestu-Cadrece-A Pobra)

Vicesecretario: Luís Teira Parada (CEIP O Grupo-Ribeira)

Tesoureira: Nieves Gómez Figueira (CEIP A.D.R. Castelao-Rianxo)

Vicetesoureira: Lorena Pita Fraga (CRA de Rianxo)

A nivel externo, queremos establecer colaboracións coas administracións locais para desenvolver diversos proxectos nas distintas localidades.

Asemade, pretendemos impulsar unha “Liña de galego” nos centros de primaria tal como se reflite no Decreto 124/2007. Somos conscientes de que esta debe ser un decisión de cada un dos centros, pero desde a Coordinadora pretendemos fomentar e animar deseñando unha especie de guía para os centros que a queiran implantar e facelo cunha campaña a nivel comarcal.

5. CONCLUSIÓN

Consideramos relevante que por primeira vez, que nós saibamos, nos xuntásemos máis de vinte centros de todos os niveis educativos do ensino do Barbanza para facer un labor normalizador nos centros de ensino e proxectalo cara á sociedade.

Por outra parte, ao longo deste pasado curso conseguimos que a cuestión da lingua, dende unha óptica non conflitiva, aparece nos medios de comunicación comarcal, aínda que cando a realidade o requiriu (enquisas...) non deixamos de denunciar a situación...

Finalmente, temos que dicir que a Coordinadora foi unha especie de Terapia de Grupo, onde os coordinadores/as nos contabamos os atrancos, ilusións e problemas que tiñamos nos nosos respectivos centros de ensino. Quizais aínda que só fixésemos isto xa tería pagado a pena xuntarse como tal.